

Testamento 2010

Eu que estaba xa disposto
a vivir a vida eterna,
noto xa subindo o lume
por unha das miñas pernas!

Sacástesme do abrigoño
do sarcófago en que estaba
rodeado de riquezas...
e agora... ¡ides pagalas!

Esquecédevos do ouro
que o mandarei para Haití.
¡Alí teñen moita falta!
¡Moita máis que vós aquí!

Cando me vaia queimando
veredes a miña cara
-como a da Belén Esteban,
tamén a teño operada-

E daquela mirareivos
a todos, e a un por un:
¡botareivos un meigallo
e non librará ningún!

No Feal haberá obras
que se vos farán eternas,
guindastres, formigoneiras
e maquinarias modernas.

Haberá rúidos, furados,
ruxidos e máis valados,
e teredes pesadelos
con columnas e forxados.

Os profes quedarán xordos
e falarán ao tuntún:
en castelán, en inglés,
en galego tal vez un!

E terán que traballar
dous anos máis polo menos,
sen forzas e sen paciencia:
¡ixa non poderán cos nenos!

Estou pensando tamén
que vos podo fastidiar
se para o curso que vén
vos mando máis gripe A!

E perderedes a cor
coma o pobre Michael Jackson
-que Deus o teña na gloria
e leve moi bo descanso-

Pero non serei tan malo
cos pequeniños de todo
pois eles son inocentes
e querenme dalgún modo!

Poderán a todas horas
ver debuxos animados:
¡a poñer a TDT
os pais quedan condenados!

Mais agora teño pena
de ser convosco tan duro;
non quero que me vexades
como un malvado bruxo.

Así que levo comigo
para que arda no lume,
esta crise endemoñada
que logo será só fume.

E veña: ¡facede a festa!
Poñédeme axiña a arder
e xa non sigo falando.
¡Ata logo! ¡Ata máis ver!